

Xornada sobre o medio ambiente a cargo da empresa Labornor Ense

A Asociación de Empresarios do Polígono do Ceao, consciente da importancia que debe ter para as industrias o respecto ao entorno, organizou unha charla sobre a normativa medioambiental e que estivo a cargo dun representante da empresa Labornor Ense, que é unha firma colaboradora do Ministerio de Medio Ambiente sobre cuestións medioambientais. Durante a curso informouse de

que o investimento por parte das empresas en desenvolvemento sostible é un valor en alza, que repercute positivamente na produción e na imaxe transmitida cara a sociedade. O experto tamén falou dos deberes e obrigas dos empresarios en cuestións medioambientais e dos cambios normativos que afectan aos vertidos ao colector municipal.

A xestión de compras centrou un seminario

Unha vintena de empresarios tamén participaron nun curso de xestión de compras organizado pola Asociación de Empresarios do Ceao e que impartiu Manuel Cerredelo, director-xerente da central de compras Acega (agrupación de los grupos Coren e Pescanova). Os temas do curso foron a política de

compras, os provedores e pedidos e a xestión de inventarios na pequena empresa. O curso tivo unha duración de trinta horas e cubriu tódalas prazas ofertadas, o cal amosa o interese dos asociados por participar nas actividades organizadas.

AIR LIQUIDE Medicinal

"Fabricar industrialmente osíxeno a partir de aire licuado" era unha idea que resultaba estrana a finais do século XIX pero que se concretou grazas ao inxenio dun científico, Georges Claude, e ao talento dun industrial, Paul Delorme, que crearon en 1902 en París o Grupo Air Liquide. Actualmente, esta empresa é líder mundial do mercado de gases industriais e medicinais. Presente en máis de 65 países, o Grupo Air Liquide conta cun equipo humano de máis de 30.800 personas. Este grupo francés instálase en España en 1909, ano no que funda a Sociedade Española do Osíxeno, S.E.O., para atender as necesidades dos clientes de gases industriais e medicinais. A mediados dos 90, seguindo unha estratexia internacional de orientación ao cliente, a S.E.O. reorganizou a súa estrutura e cambiou a súa denominación orixinal para adaptarse mellor ás necesidades específicas de cada un dos seus mercados. Desde entón o grupo conta con Air Liquide Medicinal, que da resposta ás necesidades específicas do sector da saúde, Air Liquide España (gases e servizos) e Air Liquide Welding (equipos e materiais para a soldadura), orientadas cara o sector industrial. Air Liquide conta cun distribuidor autorizado en Lugo. Trátase da empresa familiar N. Cillero Hermida, vinculada ao sector dende hai 62 anos, e ubicada na Rúa do Vidro, 106, do polígono industrial do Ceao. Entre os produtos que ofrece cóntase a distribución de gases para o uso industrial e laboratorios, material e tecnoloxía para a aplicación de gases, así como para a soldadura e corte de material de aportación. Conta para elo con persoal e cun furgón de reparto, así como cun comercial.



As instalacións de Air Liquide están ubicadas na Rúa do Vidro

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DO CEAO



Nº 3

SUMARIO

A estudio a xestión dos residuos que xenera o polígono	2
Mellorada a iluminación en varias rúas do polígono	2
Unha charla analizou a Lei de Protección de Datos	3
Un portal web conectará O Ceao co mundo virtual	3
A xestión de compras e o medio ambiente centran dúas actividades	4
Empresas do polígono: Air Liquide	4

A Asociación do Polígono expón ó goberno local as demandas para O Ceao

O alcalde de Lugo, José López Orozco, comprometeuse a asumir persoalmente a dirección dunha comisión de seguimientto sobre o polígono de O Ceao. López Orozco fixoo nunha reunión cunha vintena de empresarios do Ceao para analizar conxuntamente os problemas desta zona industrial, que foron expostos polo presidente da asociación do polígono, Ángel López Lugilde. Ademais do rexedor, escoitaron as demandas dos empresarios os concelleiros de urbanismo, José Ramón Gómez Besteiro; Medio Ambiente, Lino González; Emprego, Eva Real, e Infraestruturas, José Piñeiro.

Ángel López Lugilde, que tiña preparado un completo informe para informar ao alcalde das necesidades do Ceao, comezou plantexando a conveniencia de elaborar un plan de mantemento das rúas, xa que algunhas atópanse en moi mal estado. O presidente do Ceao explicou tamén que estaban realizando un estudio para catalogar os residuos sólidos asimilados a urbanos, como os cartóns e os plásticos, e que polo momento retira Urbaser. Segundo López Lugilde, as empresas xeneran menos residuos urbanos que os domicilios, pero pagan moito máis. Plantexou asemade a necesidade de crear un punto limpo ou un centro de transferencia para todo este material. O problema dos aparcadoiros foi outro dos que xurdiu na reunión. A proposta neste caso foi a de suprimir as medianas para crear estacionamientos en batería. López Lugilde tamén plantexou utilizar unha parcela que hai ao lado da primeira rotonda para crear un aparcadoiro, no só de uso do Ceao, senón de tódalas personas que non queiran acceder a Lugo con seu vehículo e decidan usar o transporte público. Neste mesmo senso, os empresarios do Ceao tamén queren que os buses urbanos cubran rutas na zona nova e que se faga un estudio de frecuencia de paso dos vehículos. Pretenden ademais que se coloquen pasos de peóns e que unha barredora pase con periodicidade polas rúas. A asociación considera necesaria a construción dunha rotonda na Rúa Benigno Rivera para tentar acabar cos atrancos que se producen a diario, sobre todo a determinadas horas. Ven necesaria a sinalización de rúas e empresas, así como a creación dun punto de información, que incluso podería ser para dar datos da cidade aos visitantes.



O Alcalde e catro concelleiros asistiron á reunión coa Asociación

A estudio a xestión dos residuos que xenera o polígono

A Asociación de Empresarios do Ceao encargou á consultora Cyse un estudio sobre o lixo que xeneran as industrias do polígono como punto de partida para elaborar un plan integral de xestión de residuos para tódalas empresas. Como xa informara o presidente ao alcalde, a intención do citado informe é a de facer un catálogo dos residuos sólidos que agora son considerados urbanos, como os cartóns e os plásticos, e que son retirados pola empresa concesionaria do servizo de limpeza municipal. Deste xeito tentárase comprobar cómo as empresas xeneran menos residuos urbanos que os domicilios, malia que teñen que pagar máis impostos. Ademais, contabilizarase o resto de residuos que non entran dentro da catalogación

anterior e que para a súa recollida as empresas deben contratar os servizos de firmas especializadas, co coste engadido que esto ten. Dase así o caso de que moitas industrias estean pagando dobremente por un servizo de lixo, cando apenas usan o municipal.

O estudo tamén tentará analizar a necesidade de crear no Ceao un punto limpo ou un centro de transferencia para levar ali todo este tipo de material. Con estas medidas preténdese buscar o aforro das empresas, así como unha mellor xestión dos residuos que irá en beneficio do medio ambiente.

O traballo de campo está sendo desenvolvido por Susana Muiña, unha técnico da empresa Cyse que está a visitar cada unha das

empresas do polígono, primeiro ás integradas na Asociación e logo ao resto, para coñecer de preto os residuos que xeneran e ver as súas necesidades. O estudo estimase que estará rematado para o verán e suporá unha experiencia pioneira en España en canto a xestión integral de residuos nun área industrial e na procura dun polígono ambientalmente viable.



A xestión dos residuos preocupa ós empresarios do Ceao

Mellorada a iluminación en varias rúas do polígono

O alcalde de Lugo, José López Orozco, e o concelleiro de Infraestruturas, José Fernando Piñeiro Díaz, inauguraron no mes de novembro dúas novas redes de alumeadado público no polígono industrial do Ceao, unha delas a que cobre o acceso á cidade de Lugo dende a autovía, e a outra na Rúa Carpinteiros, no tramo comprendido entre a rúa do Vidro e a rúa dos Servizos, nunha zona que ata ese momento contaba cun deficiente servizo. O proxecto incluíu a instalación de 27 puntos de luz, de 250 vatios de potencia cada un, cunha potencia total de 8.452 vatios. O consumo total anual será de 31.950 kilowatios/hora. O orzamento da obra ascende a 56.853 euros.

Con respecto á primeira obra, o edil Piñeiro Díaz

informou de que se trata dunha instalación "importante", porque afecta a un dos accesos principais da cidade, e que se enmarca no proceso de mellora dos polígonos industriais previsto no Plan Estratéxico. A nova rede cobre unha superficie de 18.790 metros cadrados, e inclúe 54 puntos de luz e dous cadros de mando e protección. A potencia total instalada nesta zona é de 18.509 vatios, cun consumo total anual de 79.357 kilowatios/hora*. O coste anual é de 6.677 euros. O orzamento total foi de 161.164,57 euros. O alcalde manifestou a súa satisfacción por unha obra "moi importante para o polígono do Ceao" que tamén redundará en beneficio "de todos os cidadáns de Lugo e dos que nos visiten, tanto no que respecta a comodidade, seguridade e imaxe da cidade".

Nova imaxe das glorietas do Ceao

O Concello acometeu durante o ano 2004 o remozado das glorietas da avenida Benigno Rivera do polígono industrial do Ceao. O investimento total desta obra ascendeu a 35.000 euros e os traballos correron a cargo da empresa Calfensa. O alcalde, José López Orozco, e mailo concelleiro de Medio Ambiente, Lino González-Dopeso, foron os encargados de inaugurar estas obras que consistiron

no adecentamento do espazo verde, tanto dende o punto de vista funcional como estético. Así, elevouse o terreo no centro e plantáronse árbores, para que sexan vistas polos conductores dende lonxe, mentres que os bordes quedaron máis baixos. A primeira das rotondas, a máis grande, representa á provincia, cos dous ríos máis emblemáticos, o Miño e o Sil, con montaña e con vales.

Unha charla analizou a Lei de Protección de Datos

A sede da Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Ceao acolleu o 15 de setembro unha charla sobre a Lei de Protección de Datos dirixida ás empresas asociadas e no que o departamento de Seguridade da firma Computer-3 explicou o contido da ley así como o alcance e o seu ámbito de influencia. A Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) impón unha serie de obrigas legais para aquelas persoas físicas ou xurídicas que posúan ficheiros con datos de carácter persoal. Así mesmo, desde o 26 de xuño de 1999 está en vigor o Regulamento de Seguridade que desenvolve a mencionada Lei Orgánica e que establece a obriga das empresas de poñer en marcha diversas medidas encamiñadas a garantir a protección de estes datos, afectando a sistemas informáticos, arquivos de soportes de almacenamento, persoal, procedementos operativos, etc.

Esta normativa obriga a implantar nas empresas o denominado documento de seguridade, así como a instaurar os sistemas e procedementos de control necesarios, e á legalización de todo iso ante a Axencia de Protección de Datos. A normativa tamén establece sancións económicas importantes para os casos nos cales non se cumpria a lexislación, e que se clasifican

en leves, graves e moi graves, podendo ir a mínima dende 601,01 euros ata os 601.012,10 euros. A xornada serviu tamén de presentación aos asociados do convenio subscrito con Computer-3, a través do cal a firma pon a disposición da Asociación de Empresarios do Ceao o seu departamento de Seguridade e Protección de Datos das Pemes, integrado por profesionais do Dereito e a Informática,



Técnicos de Computer-3 impartiron a charla na sede da Asociación

para que os asociados poidan aproveitarse dunhas condicións económicas ventaxosas e ademais facer esta adaptación dun xeito profesional tanto no aspecto xurídico-administrativo como no técnico-informático.

Un portal web conectará O Ceao co mundo virtual

Unha das propostas que o Plan Estratéxico do Polígono Industrial do Ceao plantexaba a posibilidade de potenciar o uso das novas tecnoloxías entre as empresas do polígono. Por este motivo, a Asociación de Empresarios encargoulle á consultora Cyse a creación dun portal web en Internet que servise de medio de comunicación coas empresas asociadas e tamén de promoción dos produtos e servizos destas firmas, de tal xeito que se constituíse como unha canle interna e, á vez, externa.

Javier Cobas, portavoz da empresa que redactou o Plan Estratéxico, di que a idea é por unha banda dotar á Asociación dun medio de comunicación

rápido cos asociados, de tal xeito que estes coñezan as actividades que se están a desenvolver ou poidan facer consultas rápidas sobre temas legais ou fiscais. Doutra banda, o portal permitirá incorporar a moitas pymes do polígono ás novas tecnoloxías e, ademais, ofrecerlles a posibilidade de contar cun espazo na web no que poidan dar a coñecer os seus produtos e catálogos.

As previsións, segundo o responsable da firma Cyse, é que o portal poida estar plenamente operativo nos primeiros meses do ano 2005. A iniciativa conta co apoio do Instituto Galego de Promoción Económica, da Xunta de Galicia, e en principio incluiría ás máis de 150 empresas

que forman parte da Asociación de Empresarios do Polígono do Ceao, de tal xeito que cada unha delas contaría cun espazo virtual para ofrecer a información que desexen, así como enlaces coas súas propias páxinas ou coas das súas firmas matrices, segundo os casos.

Cobas considera esta iniciativa como un reto para a Asociación, posto que di que aínda non hai un grao de penetración óptimo de Internet nas empresas luguesas, a pesares de que xa se conta coas infraestruturas necesarias, coma son as liñas telefónicas de alta capacidade os equipos ou as aplicacións informáticas axeitadas.